

## DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ECONÓMICA A DISTINTOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN CUXO CRÉDITO ORZAMENTARIO NON FOI OBXECTO DE INCORPORACIÓN AO ORZAMENTO DO 2000 POR PERDER A EXECUTIVIDADE OS RECURSOS QUE FINANCIARON AS PROPOSTAS OU CONTRATOS.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 7-2022, por un importe total de 701.419,67 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura económica a distintos expedientes de contratación cuxo crédito orzamentario non foi obxecto de incorporación ao orzamento do 2000 por perder a executividade os recursos que financiaron as propostas ou contratos:

- Obras cuberta edificio Policía Local: 24.816,29 €
- Conexión fibra óptica distintos reguladores da cidade: 42.989,06 €
- Peonalización Ronda Muralla. Tramo A Mosqueira: 490.823,30 €
- Liquidación peonalización Quiroga Ballesteros: 66.945,72 €
- Abastecemento en Roi Xordo: 39.963,00 €.

Vista a necesidade da contratación da retirada de máquinas expendedoras do sistema Ora, cun presuposto de execución de 35.882,30 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 742/2022 de día 04.05.2022, así como RCMOD núm: 31915/2022 de día 04.05.2022, por importe total de 701.419,67 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 701.419,67 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
--	------------------	--	-------------	------------------

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4720448068086521562.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 7-2022 Obrigas Fras. pendientes

16210.22799	701.419,67 €	13200.63200	19RT00001	24.816,29 €
		13300.22799		35.882,30 €
		13300.60900	22XX00003	42.989,06 €
		13300.62700	20XX00002	490.823,30 €
		15300.61900	19RT00019	66.945,72 €
		16100.61900	22XX00039	39.963,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>701.419,67 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>701.419,67 €</b>

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.